



Teaching Guide				
Identifying Data				2018/19
Subject (*)	Lingüística Xeral	Code	613G03004	
Study programme	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	1st four-month period	First	Basic training	6
Language	SpanishGalicianEnglish			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Letras			
Coordinador	Fernández Ferreiro, Manuel	E-mail	manuel.fernandez.ferreiro@udc.es	
Lecturers	Fernández Ferreiro, Manuel García González, Marcos García Salido, Marcos	E-mail	manuel.fernandez.ferreiro@udc.es marcos.garcia.gonzalez@udc.es marcos.garcias@udc.es	
Web				
General description	<p>Bases teóricas e metodolóxicas para o estudo e investigación da linguaxe e as linguas, e as súas aplicacións. Esta materia proporciona os coñecementos e destrezas básicos para o seguimento de calquera outra materia de corte lingüístico, e é a única de todo o plan de estudos que ofrece un panorama global das diferentes formas de estudar e entender a linguaxe, e das distintas aplicacións deses coñecementos. Polo tanto, fornece ao estudante con habilidades básicas para o desenvolvemento de actividades profesionais relacionadas coa linguaxe e, en xeral, coa comunicación.</p>			

Study programme competences	
Code	Study programme competences
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.



C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Adquirir e organizar novos coñecementos (integrándoos nos xa posuídos) sobre o funcionamento da linguaxe e das linguas, tanto no que atingue á súa estrutura interna como nas súas dimensións cognitiva, social, aplicada, ...	A3 A11 A14 A15	B1 B3 B5 B7	C6 C7 C8
Interpretar os textos científicos e divulgativos da lingüística, e relacionar os diferentes contidos tratados. Adquirir novo coñecemento a partir da súa lectura, integrándoo de maneira crítica.	A1 A2 A3	B3 B7	C6
Buscar e seleccionar información sobre a linguaxe e as linguas.	A3	B1 B3 B5 B7	C6
Utilizar diferentes metodoloxías e técnicas habituais no estudo da linguaxe.	A1 A3 A11 A15	B5	C3 C6 C8
Analizar a estrutura das linguas nos seus diferentes niveis.	A1 A15	B2 B6 B7	C3
Analizar a linguaxe nas súas dimensións cognitiva, social, psicolóxica, ...	A1 A3 A11	B2 B3 B5 B7 B9	C3 C6 C8
Sintetizar, relacionar e elaborar xeneralizacións a partir dos datos dispoñibles, de forma selectiva, para a resolución de problemas lingüísticos.	A1 A3	B2 B5 B7 B9	C3 C6 C8
Organizar e expor contidos relativos á linguaxe, as linguas e a comunicación de forma organizada e argumentada, seguindo as pautas aceptadas no campo.	A4 A5 A6 A9 A10 A11	B1 B2 B4 B9 B10	C1 C2 C6



Utilizar modos argumentativos e formas de traballo característicos da ciencia lingüística.	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A10 A11	B2 B7 B10	C1 C2 C4 C7
Analizar e comentar textos e discursos utilizando apropiadamente as técnicas de análise.	A1 A2 A10 A11 A15	B4	C1
Traballar cooperativamente na resolución de problemas de carácter lingüístico.	A10 A14 A15	B3 B4 B6 B7	C3 C6
Afrontar sen prexuízos os novos coñecementos sobre a linguaxe, as linguas e a diversidade lingüística, así como as novas perspectivas e métodos.	A1 A11	B1 B3 B5 B7 B8 B9 B10	C7 C8
Seguir e integrar sen prexuízos os avances doutras disciplinas que axuden ao progreso da lingüística, tanto na súa dimensión teórica como na aplicada.		B1 B3 B5 B7 B8 B9 B10	C3 C4 C5 C6 C7 C8
Contribuír ao desenvolvemento científico e social aplicando as competencias adquiridas.	A15	B9 B10	C4 C5 C6 C7 C8

Contents	
Topic	Sub-topic
1. A natureza da linguaxe e a lingüística.	1.1. Características xerais da linguaxe. 1.2. Linguaxe, lingua, fala. 1.3. Competencia(s) e actuación. 1.4. As dimensións estrutural, social e cognitiva da linguaxe e as linguas. 1.5. Como estudar a linguaxe.
2. A comunicación.	2.1. Definición, elementos e procesos da comunicación. 2.2. Sistemas de comunicación: linguaxe humana e linguaxes dos animais. 2.3. As orixes da linguaxe e das linguas. 2.4. Modos de comunicarse/canais de comunicación: a oralidade, a escrita, a dactilografía; linguas xestuais e tactis.



3. Linguaxe, mente e cerebro.	3.1. Conceptos básicos. A psicolingüística e a neurolingüística. 3.2. Lateralización e localización da linguaxe. 3.3. Patoloxías lingüísticas. 3.4. Adquisición da linguaxe e aprendizaxe das linguas.
4. Os sons das linguas.	4.1. Son lingüístico, fonema e alófono. A fonética e a fonoloxía. 4.2. Fonación, articulación e acústica dos sons lingüísticos. 4.3. Representación gráfica e clasificación dos sons lingüísticos. 4.4. Métodos de análise e estudo do son lingüístico. 4.5. Trazos suprasegmentais: melodía, ton e entoación. 4.6. Os sistemas fonolóxicos.
5. Da palabra ao discurso.	5.1. A forma das palabras. A morfoloxía. 5.2. A estrutura da oración. A sintaxe.
6. O significado.	6.1. O significado lingüístico. A semántica. 6.2. Significado, intención e contexto; a interpretación. A pragmática.
7. Unidade e diversidade das linguas.	7.1. Lingua e sociedade. A sociolingüística. 7.2. Universais e tipoloxía lingüística.
8. Aplicacións da lingüística.	8.1. Para que serve a lingüística? 8.2. A lingüística noutros campos científicos: o desenvolvemento científico e tecnolóxico. 8.3. Lingüística e desenvolvemento social.

Planning

Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Workbook	A1 A2 A3 A9 A10 A11 A14 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 B9 C2 C3 C4 C6 C7 C8	0	27	27
Workshop	A1 A2 A3 A4 A5 A9 A10 A11 A14 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	13	0	13
Mixed objective/subjective test	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A9 A10 A11 A14 A15 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B10 C1 C2 C4 C8	2	20	22
Seminar	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A9 A10 A11 A14 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C3 C4 C6 C7 C8	12	3	15
Guest lecture / keynote speech	A1 A2 A3 A4 A5 A10 A11 A14 A15 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 C1 C3 C4 C6 C7 C8	37	5	42



Supervised projects	A1 A2 A4 A5 A6 A9 A10 A11 A14 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	10	20	30
Personalized attention		1	0	1

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Workbook	As lecturas proporcionaranlle ao estudante a maior parte dos contidos do curso, e deberá facer unha ou varias por cada tema. O estudante deberá plantexar na aula as dúbidas que lle xurdiran: o profesor tentará resolvelas ben directamente, ben utilizándoas como base para actividades de estudo de caso, seminario, discusión dirixida, solución de problemas... que leven á súa aclaración. Ademais, o profesor poderá entregarlles aos alumnos (individual ou colectivamente) lecturas complementarias de extensión variable, así como suxestións para a ampliación voluntaria de contidos.
Workshop	Denominamos así a combinación coordinada de varias metodoloxías das aquí recollidas cun obxectivo común a respecto dun tema ou cuestión: minidebates, textos complementarios, actividades prácticas en grupo, análise de xeito contrastivo de propostas de diferentes autores ou momentos históricos, todo isto de forma secuencial e combinada, perseguindo un propósito único de adquisición de determinados contidos e desenvolvemento de certas competencias.
Mixed objective/subjective test	A metade a ao final do curso os alumnos deberán realizar unha proba de tipo teórico e aplicado, con preguntas de resposta aberta e/ou pechada, que suporá o 45% da cualificación final.
Seminar	Constituirá un método habitual de traballo, principalmente nas aulas de grupo mediano e reducido: o profesor plantexará algún tema (ben por iniciativa del, ben pola dos alumnos) sobre o que se traballará, debatirá e elaborarán conclusións, utilizando materiais aportados polo profesor ou buscados polos estudantes e, sobre todo, utilizando a reflexión individualizada e grupal e a posta en común.
Guest lecture / keynote speech	Haberá unha sesión maxistral de 90 minutos cada semana. Dependendo do tema e/ou do profesor, consistirán na exposición por parte deste dalgúns contidos seleccionados ben por iniciativa propia ou a proposta dos estudantes, xa sexa para aclarar dúbidas sobre contidos recollidos nas lecturas, corrixilos ou tratar outros completamente novos.
Supervised projects	Os alumnos deberán realizar algunhas actividades prácticas ou de busca de información seguindo instrucións específicas do profesor e, cando este o determinar, sendo controlado o seu traballo cando menos en certas etapas (planificación inicial, estratexia de traballo, ...) O obxectivo é que o estudante desenvolva dinámicas e prácticas de traballo axeitadas e/ou propias da área de coñecemento.

Personalized attention	
Methodologies	Description
Mixed objective/subjective test Workshop Workbook Supervised projects	A atención personalizada será unha constante nas sesións de grupo reducido e tamén nas titorías individuais.

Assessment			
Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Mixed objective/subjective test	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A9 A10 A11 A14 A15 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B10 C1 C2 C4 C8	Proba escrita que o/a estudante realizará ao rematar o cuadrimestre, nas datas oficiais marcadas polo centro.	50



Workshop	A1 A2 A3 A4 A5 A9 A10 A11 A14 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Comprende toda a actividade desenvolvida polo estudante na aula e fóra dela. Teranse en conta a asistencia, participación e desempeño do estudante ao longo do curso.	10
Supervised projects	A1 A2 A4 A5 A6 A9 A10 A11 A14 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Cada estudante deberá realizar TRES actividades a longo do curso.	40

Assessment comments



1. A CUALIFICACIÓN FINAL DA 1.^a OPORTUNIDADE (xaneiro 2019) responderá ao seguinte reparto porcentual:

1.1. Un 50% obterase pola

PROBA MIXTA ESCRITA. Celebrarase unha soa proba mixta escrita (exame) no mes de xaneiro, na data oficial de exame da materia. Para aprobar a materia, é imprescindible acadar unha cualificación mínima de 4.00 nesta proba.

1.2. Un 40%

obterase da realización de TRES ACTIVIDADES (individuais ou grupais) ao longo do curso, que serán entregadas obrigadamente en formato electrónico e en formato impreso. As actividades deben entregarse nas datas fixadas.

1.3. Un 10% responderá á ASISTENCIA, PARTICIPACIÓN E DESEMPEÑO do estudante ao longo do curso.

1.4. Os alumnos repetidores que non asistan ás aulas ou os que teñen unha dispensa académica oficial,

recibirán un 50% da súa cualificación pola realización da PROBA MIXTA ESCRITA, e outro 50% pola realización das tres ACTIVIDADES (individuais ou grupais) avaliáveis. Ao iniciarse o curso, todos os alumnos repetidores ou con dispensa académica oficial deben comunicar ao profesorado en que grupo interactivo se encadran. Ademais, os repetidores deben comunicar se asistirán ás aulas xa que, de non facelo, aplicaráselles o mesmo reparto porcentual que aos de primeira matrícula (50%+40%+10%).

1.5. Superará a materia quen obteña unha

cualificación media mínima global de 5.00, logre un mínimo de 4.00 puntos na proba mixta escrita, e entregue polo menos dúas actividades avaliáveis.

2. SEGUNDA OPORTUNIDADE DE XULLO (xullo 2019):

2.1. Consérvanse as cualificacións das probas e actividades superadas na 1.^a oportunidade.

2.2.

Quen deba realizar o exame (proba mixta escrita), farao no día oficial (ver datas definitivas na web da Facultade ou no taboleiro oficial).

2.3.

Realizaranse a/s actividade/s suspensas (poden ser diferentes ás realizadas en xaneiro, inda que co mesmo formato). Estarán dispoñibles en Moodle ao rematar o período de exames do segundo cuadrimestre.

2.4.

Aos estudantes que non superen a materia en xaneiro e teñan unha puntuación inferior a 5.00 puntos no apartado de asistencia e participación, cualificaráselles co seguinte reparto porcentual na 2.^a oportunidade de xullo: (a) proba mixta escrita, 50%; (b) actividades ou tarefas avaliáveis, 50%.

3. OPORTUNIDADE DE AVALIACIÓN ADIANTADA (decembro 2018):

3.1.

Poden presentarse a esta oportunidade só estudantes cuns poucos créditos pendentes para rematar a titulación. Consúltese a documentación pertinente na web da UDC.

3.2. Realizarase a avaliación

exclusivamente mediante unha PROBA MIXTA ESCRITA de carácter teórico-práctico, pola que se outorgará o 100% da cualificación.

4. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO.

Recibirán cualificación de Non Presentado (N.P.) só aquelas persoas

que: (a) non se presenten a ningunha das probas mixtas escritas oficiais e que, ademais, (b) entreguen menos de dúas actividades avaliadas.

NOTA. Uso de ferramentas antiplaxio.

O profesor/a poderá

utilizar ferramentas de busca e anticopia (entre elas Turnitin) para detectar plaxios nos materiais que desenvolvan os/as estudantes durante o curso. De atopar coincidencias que exceden o razoable, terá consecuencias na súa cualificación, podendo mesmo non recibir puntuación algunha por ese traballo.



Sources of information

Basic	<p>Non se recollen nesta bibliografía as lecturas obrigatorias de curso, que se entregan á parte; no espazo Moodle da materia atopará recursos na internet e outras suxestións que lle permitirán ampliar os seus coñecementos. Manuais e obras introductorias</p> <p>Bernárdez, Enrique (2000). ¿Qué son las lenguas? Madrid: Alianza.</p> <p>Escandell Vidal, M. Victoria (coord.) e outros (2011). Invitación a la lingüística. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces & UNED.</p> <p>(***) Fasold, Ralph W. & Jeff Connor-Linton (eds.) (2006). An Introduction to Language and Linguistics. Cambridge: Cambridge University Press.</p> <p>(***) Fromkin, Victoria (ed.) (2000). Linguistics: An Introduction to Linguistic Theory. Oxford: Blackwell.</p> <p>(**) López García, Ángel, et alii (1994). Lingüística general y aplicada. València: Universitat de València.</p> <p>(**) Martín Vide, Carlos (ed.) (1996). Elementos de Lingüística. Barcelona: Octaedro.</p> <p>(**) Martínez Celdrán, Eugenio (1995). Bases para el estudio del lenguaje. Barcelona: Octaedro.</p> <p>(*) Moreno Cabrera, Juan Carlos (2002). Curso universitario de lingüística general. Tomo I: Teoría de la gramática y sintaxis general; Tomo II: Semántica, Pragmática, Morfología y Fonología. Madrid: Síntesis.</p> <p>O'Grady, William, Michael Dobrovolsky & Francis Katamba (1997). Contemporary Linguistics. An Introduction. London & New York: Longman.</p> <p>(**) Ramallo, Fernando et alii (eds.) (2000). Manual de ciencias da linguaxe. Vigo: Edicións Xerais.</p> <p>(*) Simone, Raffaele (1993 [1990]). Fundamentos de lingüística. Barcelona: Ariel.</p> <p>(**) Tusón Valls, Jesús (2007). Introducción al lenguaje (= Humanidades; 11). Barcelona: Universitat Oberta de Catalunya. [Orix. en catalán: 2003.]</p> <p>(*) Yule, George (20073). El lenguaje. Madrid: Akal. [Orix. inglés: 20063.] Hai unha cuarta edición en inglés: The Study of Language. Cambridge: Cambridge University Press, 20104.</p> <p>(***) Obras de referencia (diccionarios, enciclopedias?)</p> <p>Alcaraz Varó, Enrique & M^a Antonia Martínez Linares (20042). Diccionario de lingüística moderna (= Ariel Referencia). Barcelona: Ariel.</p> <p>(***) Brown, Keith (ed.) (2006). Encyclopedia of Language and Linguistics; 14 vols. Amsterdam & Boston, MA: Elsevier.</p> <p>(*) Crystal, David (2000). Diccionario de lingüística y fonética (= Universidad Textos). Barcelona: Octaedro. [Orix. en inglés: A Dictionary of Linguistics and Phonetics. Oxford: Blackwell, 19974. Hai unha nova edición revisada en inglés: 20086.]</p> <p>(***) Crystal, David (1994). Enciclopedia del lenguaje de la Universidad de Cambridge. Madrid: Taurus. [Orixinal en inglés: 1987.]</p> <p>(***) Crystal, David (20103). The Cambridge Encyclopedia of Language. Cambridge: Cambridge University Press.</p> <p>(***) Moreno Cabrera, Juan Carlos (1998). Diccionario de lingüística neológica y multilingüe. Madrid: Síntesis.</p> <p>Moreno Cabrera, Juan Carlos (2003). El universo de las lenguas: clasificación, denominación, situación, tipología, historia y bibliografía de las lenguas (= Nueva Biblioteca de Erudición y Crítica; 23). Madrid: Castalia.</p> <p>Trask, R. L. (1997). A Student's Dictionary of Language and Linguistics. London: Arnold. (*)</p>
--------------	--



Complementary	<p>Outros manuais e obras introdutorias Alonso-Cortés, Ángel (2002). Lingüística. Madrid: Cátedra. Alvar, Manuel (ed.) (2001). Introducción a la lingüística española. Barcelona: Ariel. Bernárdez, Enrique (2008). El lenguaje como cultura. Una crítica del discurso sobre el lenguaje. Madrid: Alianza Editorial. Bernárdez, Enrique (2016). Viaje lingüístico por el mundo: iniciación a la tipología de las lenguas. Madrid: Alianza Editorial. Fischer, Steven Roger (2003). Breve historia del lenguaje (= Humanidades; 4750). Madrid: Alianza [orig. inglés: 1999.] Fromkin, Victoria & Robert Rodman (1993 [1988]). Introdução à Linguagem. Coimbra: Livraria Almadina. Hudson, Grover (2000). Essential Introductory Linguistics. Oxford: Blackwell. Isac, Daniela & Charles Reiss (2008). I-Language: An Introduction to Linguistics as Cognitive Science (= Oxford Core Linguistics). Oxford: Oxford University Press. López García, Ángel & Beatriz Gallardo Paúls (eds.) (2005). Conocimiento y lenguaje (= Educació. Materials; 80). València: Universitat de València. Martínez Celdrán, Eugenio (1998). Lingüística. Teoría y aplicaciones. Barcelona: Masson. McCabe, Anne (2011). An Introduction to Linguistics and Language Studies. London: Equinox Publishing. Moreno Cabrera, Juan Carlos (2000). La dignidad e igualdad de las lenguas. Crítica de la discriminación lingüística. Madrid: Alianza. Moreno Cabrera, Juan Carlos (2017). Claves históricas de la lingüística actual: 20 siglos de reflexiones sobre el lenguaje a través de 20 referencias fundamentales (= Claves de la Lingüística). Madrid: Editorial Síntesis. Radford, Andrew et alii (2000). Introducción a la lingüística. Madrid: Cambridge University Press, 2000 [orig.: Linguistics: An Introduction. Cambridge: Cambridge University Press, 1999. Hai unha segunda edición en inglés de 2009, traducida ao español en 2016.] Trask, R. L. & Bill Mayblin (2010). Lingüística: una guía gráfica (= Para todos; 14). Buenos Aires & Barcelona: Paidós. [Orig. ingl.: Introducing Linguistics. Royston, UK: Icon Books Ltd, 2005.] Otras obras de referencia (diccionarios, enciclopedias?) Asher, R. E. & Christopher Moseley (eds.) (2006). Atlas of the World's Languages. London: Routledge. Breton, Roland. (2003). Atlas des langues du monde: Une pluralité fragile (= Collection Mini-Atlas). Paris: Éditions Autrement. Bright, William (ed.) (1992). International Encyclopedia of Linguistics. Oxford: Oxford University Press. Cardona, Giorgio Raimondo (1991 [1988]). Diccionario de lingüística. Barcelona: Ariel. Comrie, Bernard, Stephen Matthews & Maria Polinsky (eds.) (2010). The Atlas of Languages: The Origin and Development of Languages Throughout the World (= Facts on File Library of Language and Literature Series). London: Quarto Publishing. [Hai versión en portugués da edición de 1996 en inglés: O Atlas das Línguas: A Origem e a Evolução das Línguas no Mundo. Lisboa: Editorial Estampa, 2001.] Ducrot, O. & T. Todorov (1998). Nuevo diccionario enciclopédico de las ciencias del lenguaje. Pamplona: Arrecife. Garry, Jane & Carl Rubino (eds.) (2001). Facts About the World's Languages: An Encyclopedia of the World's Major Languages, Past and Present. New York & Dublin: New England Publishing. Junyent, Carme & Cristina Muncunill (2010). El libro de las lenguas (= Colección bolsillo). Barcelona: Octaedro. Lázaro Carreter, Fernando (1953). Diccionario de términos filológicos. Madrid: Gredos. Price, Glanville (ed.) (2001). Enciclopedia de las lenguas de Europa. Madrid: Gredos [orig. inglés: 1998.] Richards, Jack C., John Platt & Heidi Platt (1997). Diccionario de lingüística aplicada y enseñanza de lenguas. Barcelona: Ariel. [Orig. en inglés: 1992.] Störig, Hans Joachim (1990). A aventura das línguas: Uma viagem através da História dos idiomas do mundo. São Paulo: Melhoramentos [orig. alemán: 1987.] Tusón, Jesús (ed.) (2000). Diccionari de lingüística. Barcelona: Bibliograf. Xavier, M. F. & M. H. Mateus (eds.) (1992). Dicionário de termos lingüísticos. Lisboa: Cosmos.</p>
----------------------	---

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments



Recoméndaselle ao estudante que lea atentamente esta guía docente.

Nela atopará resposta a case todas as preguntas que lle xurdan sobre a concepción, organización e obxectivos do curso; pode acudir ao profesorado para aclarar calquera cuestión ao respecto. Particularmente,

debe prestar especial atención ao seguinte:1. Realice puntualmente as lecturas e actividades encomendadas; estas deben entregarse no día fixado.

2. O

plaxio total ou parcial de actividades é inadmisibile. Pode conlevar a perda de máis puntuación có valor da actividade afectada, e mesmo o suspenso na materia. A información debe ser recollida, procesada e ofrecida de forma distinta á da fonte utilizada, sexa esta bibliográfica, audiovisual, persoal, a internet ou calquera outra.

Considérase moi grave a copia total ou parcial de traballos elaborados

por outros alumnos.3. Nas exposicións escritas, débese ter moi en

conta a corrección ortográfica e o estilo. De non ser así, reflectirase negativamente nas cualificacións.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.